

# A chegada da luz eléctrica a Betanzos

XESÚS TORRES REGUEIRO\*

A introducción da luz eléctrica significou unha mellora obxectiva no alumeadado das cidades e un cambio nos hábitos e forma de vida das persoas: a posibilidade de traballo e actividades formativas nocturnas, o alongamento das veladas e paseos nas primeiras horas da noite... Pódese dicir que nos últimos anos do século pasado asistíuse a unha auténtica revolución nas cidades, ata entón alumeadas pola mortecina luz de gas. A luz eléctrica pasou a ser un símbolo das cidades «civilizadas» e progresistas.

Como é ben sabido, logo de construír a primeira bombilla incandescente para o alumeadado, Tomás Alva Edison funda en Nova York no ano 1882 a primeira central eléctrica para abastecer aos primeiros oitenta e cinco clientes de proba que axiña se multiplicaron, aproximándose cada vez máis ao seu obxectivo de levar a luz a todos os fogares. Pasenñamente, as cidades de América e Europa van incorporando esta innovación.

As principais cidades e vilas galegas comezan tamén a dotarse deste novo sistema de alumeadado nos derradeiros anos do século XIX. Pontevedra foi a primeira cidade galega que tivo alumeadado público eléctrico, sendo o seu promotor o Marqués de Riestra, adiantándose a Madrid, Valencia e Bilbao, sendo a segunda cidade que introduciu a novidade no estado español, nada menos, logo da pioneira Barcelona. Na primavera de 1888 a luz eléctrica era unha realidade en Pontevedra, que contaba cunha potencia de 75 CV e 250 lámpadas instaladas pola cidade cun «sistema especial de montaje de máquinas de vapor y dinamo.» Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez contou a envexa que producía nalgúns vigueses que viñan pasar a noite á «Boa vila» só por ver o alumeadado, novidade que aínda tardaría oito anos en chegar ao porto vigués<sup>1</sup>. Na Coruña implántase en 1890, realizando as primeiras montaxes o enxeñeiro francés Saunier, quen xa montara as fábricas de gas de Santiago, A Coruña e Vigo. O teatro Principal (titulado Rosalia Castro dende 1909) foi o primeiro edificio da cidade herculina en adoptar o alumeadado eléctrico<sup>2</sup>. En 1893 xa se instalara en Mondoñedo e ao ano seguinte en Ferrol, Ourense e Lugo<sup>3</sup>. Na prensa da época anunciábase o comezo dos traballos de instalación do alumeadado eléctrico no Carballiño en xullo de 1896; en outubro contábase verificar a inauguración do de Vigo e en novembro a prensa facíase eco do aumento do entusiasmo en Noia a prol da instalación da luz eléctrica. Nese ano, Monforte e Tui xa contaban con ela. As máquinas productoras de electricidade eran variadas, unhas a vapor e outras por motores a gas. A primeira central hidroeléctrica posta en funcionamento en Galicia foi a de Segade, no río Umia (1874). A da Capela, no Eume, instalábase no 1898.

---

\*Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia.

1. R. García Fontenla: *Cien años de luz eléctrica en Galicia*. Edita Unión Fenosa. 1990. Tamén, sobre Pontevedra, X. Filgueira Valverde: «Cando chegou a luz eléctrica», artigo recollido en *Terceiro Adral*, páx. 293 e ss. Edicións do Castro, Sada, 1984.

2. O expediente para estudar o asunto data xa de 1887. Véxase *La escena de la ciudad. El teatro Rosalia Castro*. Edt Concello da Coruña, 1995.

3. C. Fernández de la Vega (Voz «Lugo», en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 19.) dá a data de 1894, mentres que R. García Fontenla (o.c.) dá para Lugo a de 1899.

## OS TANTEOS INICIAIS

A chegada da luz eléctrica a Betanzos non foi doada e deu moito que falar. No 1893 a prensa local xa comeza a cuestionar o alumeado de gas e non só pola mellora que supuña o eléctrico, senón mesmo por economía. No semanario *Las Mariñas* botan contas e fan ver que o de gas resultáballe máis caro ao noso Concello que o eléctrico ao de Mondoñedo. Na vila mindoniense viñan de instalalo e a mesma empresa dispúñase a facelo en Lugo e en Ferrol. En xuño, aproveitando a anunciada subasta do «alumbrado petrolero», o semanario betanceiro volta á carga, acusando aos municipais de non se molestar en informarse das condicións relativas á instalación do eléctrico, «miudezas» que non consideraban mentres que a cuestións menores ou obriñas de escasa importancia dábanlles moito alcance.

A comezos do 1894, polo Antroido, o novo Concello tiña prevista a instalación do alumeado eléctrico, entre outras obras de reforma e mellora (arranxo da Praza do Campo, ensanche da Porta da Vila, construción de quiosco para a música e reorganización da banda municipal), iso si, cando os fondos públicos o consentiran. Logo dun período de decadencia, as obras anunciadas farían época, segundo o cronista Bachiller Hungarelo, quen confiaba moito nos novos municipais e agardaba que demostraran que se ía á «Casa del Pueblo á algo mas que para asistir a las procesiones y darse tono de autoridad con los serenos y barrenderos...», segundo dicía no xornal coruñés (e en certo xeito betanceiro, pois era propiedade do coengo brigantino Agustín Corral e prestáballe moita atención informativa a Betanzos) *El Diario de Galicia* nunha das súas crónicas.

No mes de xuño, o enxeñeiro José López-Cortón Viqueira repartía unha circular que levaba a súa firma especificando as condicións do abono ao alumeado eléctrico segundo o número de lámpadas que cada un suscribise. O inefable Bachiller Hungarelo, desta volta alineado co progreso e os avances técnicos, ao tempo que daba a noticia na súa diaria crónica, instaba aos propietarios a inscribirse axiña para evitar que a empresa non fose adiante por escasez de abonados, «como ha sucedido tantas veces con todo laudable proyecto, por incuria o estulta desconfianza de los mismos que después son los primeros a censurar la poca prosperidad del pueblo. Obras son amores». O empresario pretendía dispor dun número considerable de compromisos particulares de abono antes de entenderse co Concello, agora que remataba o contrato de alumeado a gas e este saía de novo a subasta.

De feito, o 14 de xuño de 1894 López-Cortón solicitaba a instalación do alumeado público por medio da electricidade. O Concello instrúe un expediente, nomeando unha comisión para fixar o prego de condicións. Este apróbbase na sesión do 19 de novembro, anunciándose a subasta na *Gaceta* do mesmo día, fixándoa para o 28 de decembro. Mais esta declarouse deserta por falta de licitadores. Desístese de levar a cabo unha segunda subasta, convencidos os concelleiros que non concorrerían licitadores, ao consideraren que o tipo e condicións fixados non poden ser aceptados por ningunha empresa. O mesmo día dos Inocentes o pleno debate estes pormenores. O Alcalde cree que o alumeado eléctrico é unha «reforma que en voz alta reclama la opinión», polo que propón que a comisión estudie o asunto, forme un novo prego de condicións e o saque de novo a subasta, cousa que a corporación acorda por unanimidade.

López-Cortón buscou socios para a sociedade en comandita que levaba o seu nome. Un deles, posiblemente, aínda que non dos máis importantes en aportación económica, era o seu cuñado Roque Ponte Peña, profesor do colexio de segundo ensino, masón, pioneiro e animador da prensa local (no 1883 fundara e dirixira o breve semanario *El Censor*), quen




Fig. 1.- Plano da fabrica de electricidade da Ponte Nova. AMB, c. 599.

aparece varias veces asinando escritos e facendo xestións en nome da sociedade eléctrica.

A forza motriz que López-Cortón pensaba utilizar nun principio na súa industria era a dos muíños de Chelo no río Mandeo. Segundo o cronista devandito, o enxeñeiro xa tiña contratado ese servizo cos «Sres. de Teijeiro propietarios de los molinos harineros». Pouco despois falábase de que o enxeñeiro utilizaría de momento un motor de vapor cunha forza de 30 cabalos a instalar no edificio que andaba a construír ao outro lado da Ponte Nova e que logo se coñecería como a fábrica da luz.

#### A FÁBRICA DA PONTE NOVA

A primeiros de maio de 1895 comezan as obras da fábrica nunha finca que chamaban «da Pesqueira» nos xunciais da Ponte Nova<sup>4</sup>. Nesa primavera de 1895 no Concello seguíase a cocer o expediente (foi a Madrid e volveu por defecto de forma, retrasando o proceso) para subastar o novo alumeadado público e o empresario anunciaba que axiña comenzarían

4. *El Diario de Galicia*, A Coruña, 8 de outubro de 1895. Arquivo Municipal de Betanzos (en diante, AMB).

Número de orden	APPELLIDOS	Vecindad	industria, arte u oficio por que contribuyen	CANTON para el Tercero	
	y nombre de los contribuyentes			Pesos	Cts
1.	López Cortón Figueroa, D. José	Bellavista	Fábrica de accesorios para coches con dos bancos para empujar y para arrastrar a los que movidos por electricidad, de muy cómodo uso y facilitan de reparación y como accesorios.	137	6c
2.	El mismo.	Idem	Idem de fundido eléctrico produce diez veces más luz que las que se usan en las lámparas de aceite.	20	75

Fig. 2.- Matrícula de Subsidio Industrial e de Comercio onde figura por primeira vez López-Cortón coas súas empresas. AMB, c. 1745.

os traballos para instalalo aos particulares abonados, sen agardar a decisión municipal. A cousa aínda se retrasaría uns meses, pois o 15 de novembro o concesionario comunicalle ao Concello que nesa mesma semana daría comenzo o tendido de cables pola vía pública para servizo dos abonados particulares, cousa que se autoriza oficialmente conforme a concesión fixada. En outubro o corresponsal devandito recollía a nova de que comezara a funcionar o teléfono particular que puña en comunicación a fábrica coa casa-quinta de San Fiz de Vixoi, da familia López-Cortón, e que os empregados da fábrica ían comezar a preparar a instalación eléctrica nas casas particulares, empezando nas do Cantón Grande<sup>5</sup>. O alumeadado para particulares estaba previsto que comezara a suministrarse o día de ano novo de 1896. Rematando xaneiro tendeuse o «cable grueso» dende a fábrica ata a casa número 3 da Porta da Vila, onde se fixaba o cadro distribuidor. Agardaba tamén o permiso do Ministerio de Fomento para colocar os postes nas estradas e proceder así ao tendido dos cables. Asimesmo, a Corporación municipal, por suxestión do Alcalde Claudio Ares, acordara na sesión do 18 de novembro instalar o alumeadado eléctrico na Casa Consistorial, previa formación do correspondente presuposto. Deste xeito, o Concello daba a pauta, incorporando a modernidade eléctrica no emblemático edificio. Tampouco quixeron ficar atrás as sociedades recreativas, acobillo da pequena burguesía local: A finais de xullo de 1896 instalábase a luz eléctrica na sociedade Tertulia-Circo e anunciábase en breve no Liceo Recreativo, segundo informaba o xornal coruñés *La Voz de Galicia*. Tamén o único teatro da cidade, o Alfonso, a instalaría meses despois.

No que respecta ao alumeadado público das rúas, en xuño de 1896 instalábase nos Cantóns en proba ata o mes de agosto. Colócanse seis lámpadas de dezaseis buxías no Cantón de San Roque e catro no Grande, lugares onde se celebraban os chamados «paseos de moda». A instalación tería un custo de 25 pesos. Mais o tantas veces citado corresponsal quíxase que o alumeadado do Cantón Grande é o mesmo que non o ter e solicita lámpadas de dezaseis buxías a un e outro lado do paseo. Parece que as do Cantón de San Roque eran, en principio, temporais, unicamente durante os meses de verán e polas festas, colocándose fixas no 1901.

Sen embargo, o alumeadado público do resto das rúas e prazas continuaba realizándose polo vello sistema, polo que a maioría da poboación seguía sen poder comprobar os bene-

5. *El Diario de Galicia*, A Coruña, 7 de maio de 1895. AMB.

«Expediente instruido á consecuencia de la autorización pretendida por D. José López Cortón para construir una fábrica en un terreno de su propiedad en el punto que se denominada Puente Nuevo, dando frente a la carretera que va á la Coruña, con el fin de instalar la luz eléctrica en esta población». Obras públicas e urbanismo, carpeta 599. AMB.

**Fábrica de Electricidad y Serrería Mecánica**  
**J. L. CORTÓN Y C.ª (S. en C.)**  
**Puente Nuevo -- Betanzos**

Luz eléctrica. Fuerza para motores. Instalación de teléfonos, timbres, etc. Tabla, tableta, duela, barrotillo

**Especialidad en envases de todas clases**

Fig. 3.- Publicidade da fábrica no semanario El Progreso, 1901. AMB. prensa.

<p><b>J. L. Cortón y Comp.ª</b>  <small>S. EN C.</small>  <b>FÁBRICA DE ELECTRICIDAD</b>          Puente Nuevo, BETANZOS</p> <p>-----&gt;&gt;&gt;&gt;&lt;&lt;&lt;&lt;-----</p> <p>Luz eléctrica, fuerza para motores, bombas, tornos, etc.          INSTALACIÓN DE TELÉFONOS          Y TIMBRES ELECTRICOS</p>	<p><b>J. L. Cortón y Comp.ª</b>  <small>S. en C.</small>  <b>SERRERÍA MECÁNICA</b>          Puente Nuevo, BETANZOS</p> <p>-----&gt;&gt;&gt;&gt;&lt;&lt;&lt;&lt;-----</p> <p>Tabla alineada, cepillada y machibrada.          Fondadora, duela y tableta.          Especialidad en barrotillo y cajas para envases de todas clases          a precios económicos.</p>
--	--

Fig. 4.- Publicidade da fábrica nos programas de festas de 1900. AMB.

ficios do novo alumeadado, ata que na sesión celebrada o 16 de decembro de 1896, acórdase aprobar a proposición do Alcalde de colocar dúas farolas eléctricas na Praza do Campo (que entón chamábase oficialmente de Cassola, por extraña e caciquil decisión municipal<sup>6</sup>). Aínda que o resto das rúas da vila continuasen coa luz mortecina de gas, non era cousa de privar á praza do Campo, escaparate e sala de estar para a burguesía local, do moderno sistema de alumeadado. Tamén a remates de 1896 contábase ensaiar o alumeadado eléctrico na Rúa Travesa, outra das importantes e comerciais, con seis lámpadas da metade de potencia das outras. O 1 de xullo de 1896 López-Cortón dase de alta na «Matrícula de Subsidio Industrial y de Comercio», figurando como contribuinte por dous conceptos: Por «Fábrica de electricidad. Veinte caballos de 740 watts.» e por «Ydem de aserrar maderas. Dos bancos para emplear sierras circulares ú hojas movidas por electricidad, de un metro de diámetro una y de sesenta y cinco centímetros otra.»<sup>7</sup> Dende o primeiro momento a fábrica de electricidade foi acompañada da de aserrar, aproveitando de xeito industrial o fluído eléctrico.

A estrea da luz eléctrica foi un proceso lento e continuado. Dende o 25 de febreiro de 1896 en que apareceron os «vermes de lus» nas casas e comercios do Cantón Grande e na sociedade Liceo Recreativo (só ata as 10 da noite), cada anoitecida eran máis os «vagalumes» que se ian sumando ao avanzar paseniño os traballos nas restantes casas e comercios da

6. Non menos caciquil foi o acordo adoptado uns meses despois de denominala Praza de Arines, na memoria do notario e xefe do partido conservador Juan Arines Montenegro, quen viña de falecer. Como ocurriría despois, ao darlle o nome de Praza dos irmáns García Naveira dende 1922, a xente do común chamarlle sempre O Campo, lembranza do antigo campo da feira.

7. «Matrícula de Subsidio Industrial y de Comercio». AMB. Carpeta 1745.




Fig. 5.- Vista xeral de Betanzos no 1900. Á dereita, antes de entrar na Ponte Nova, obsérvase a fábrica de electricidade e aserradeiro. Foto de F. J. Martínez Santiso. AMB.

Praza do Campo. O día 1 de marzo deuse por inaugurada e ao seguinte os operarios festexaron convenientemente ;non era para menos! con comellada, foguetes e gaitero. O corresponsal Bachiller Hungarelo facíase linguas da súa calidade: «Luz clarísima, blanca y sin intermitencias de ninguna clase»<sup>8</sup>. Con todo, o fluído eléctrico non era continuo e os abonados iniciais do Campo só contaban con luz ata as doce da noite. Nos seguintes meses a luz eléctrica foise extendendo de vagar ao alumeadado público das rúas e prazas principais a xeito de proba. Aínda así, os vellos faroles de petróleo, deixados como alternativa en previsión de fallas no suministro eléctrico, continuaron durante uns anos, mesmo en activo como se deduce da conta rendida á Corporación polo Depositario de fondos municipais en abril de 1897:

«...importante tres mil ciento cincuenta y nueve pesetas cuarente y nueve centimos a que ascendieron los gastos ocasionados con la adquisición de noventa y cuatro cajas y media de petroleo, los tubos, vidrios, mechas y boquillas, las composturas, labado de paños y los sueldos devengados durante el primer semestre del corriente año económico con motivo del alumbrado de las calles y plazas de esta Ciudad, cuyo servicio se practica por administración segun la autorización que al efecto ha concedido el Señor Gobernador Civil de la provincia...»<sup>9</sup>

Xa polo 1902 na prensa local pedírase a retirada destes faroles, aducindo razóns de inoperancia e de estética.

A primeiros de 1897 anunciábase o acordo entre o Concello e a fábrica de electricidade respecto ás condicións do alumeadado público na cidade. Instalaríanse un total de duascentas lámpadas: vinte de dezaseis buxías (nos Cantóns e no Campo), cento corenta de oito e corenta de cinco buxías. Delas xa se instalaran cento dezaseis. O custo anual sería de 7.500 pesetas. O Bachiller Hungarelo (agora asinando Juan de las Mariñas), ao dar a nova.

8. *El Diario de Galicia*, A Coruña, 3 de marzo de 1896. AMB.

9. Libro de Actas, sesión supletoria do 21 de abril de 1897. AMB, carpeta 35.

felicitava ao Alcalde e corporación e ao empresario, mais amosábase escéptico: «Ahora falta que se active el expediente para anunciar la subasta y tendremos nuevo alumbrado... dentro de ocho meses por lo menos. Pero los cimientos estan hechos.»<sup>10</sup> Mais a cousa non foi adiante, ao romperse as negociacións entre o Concello e o empresario, e o servizo continuaría a executarse por administración directa. O Alcalde presentaba en febreiro de 1898 un proxecto de nova subasta para ser estudiado pola comisión de alumado, mais nese momento vaise producir un cambio na Alcaldía ao ser cesado Claudio Ares polo gobernador e nomeado por Real Orde o ata entón concelleiro Tomás Lareo Janeiro.

Por fin, a subasta oficial do contrato realizouse o 16 de marzo de 1899, adjudicándose como se prevía á sociedade «J.L. Cortón y Cia.», única concorrente na cidade, xa que logo a celebrada simultaneamente en Madrid como era preceptivo declarárase deserta. O contrato establecíase



*Fig. 6.- O enxeñeiro José López Cortón na época en que tiña a fábrica de electricidade en Betanzos. Xentileza dos seus netos.*

«durante veinte años, bajo el tipo de siete mil pesetas anuales por las doscientas lamparas que lo constituirán, de las cuales veinticinco serán de diez y seis bujias de intensidad y las ciento setenta y cinco restantes de ochobujias...»<sup>11</sup>

A finais de abril López-Cortón marchaba a Inglaterra a mercar material para o tranvía da Coruña e a fábrica de electricidade de Betanzos. E non sabemos se a resultados desa compra ou na percura de máis abonados, en xullo anunciábase unha rebaixa nas tarifas. Sen embargo, o progresivo aumento da factura do coste do alumado público que alarmaba a algún concelleiro era discutido no pleno da corporación na entrada da primavera de 1901. As razóns explicábanse polo aumento de lámpadas en rúas e prazas: mentres no 1900 estaban colocadas 134 de oito buxías e 22 de dezaseis buxías, ao ano seguinte eran 180 as de oito e 32 as de dezaseis buxías. Por certo, a factura anual da luz ascendera no ano 1900 a un total de 8.215.087 pesetas.

A produción eléctrica foi medrando paulatinamente de ano en ano, duplicándose co comezo do novo século, segundo ía aumentando a demanda e o sistema de alumado eléctrico se ía extendendo entre a poboación (Ver Cadro).

10. *La Mañana*, A Coruña, 16 de xaneiro de 1897, AMB.



## CAMBIO DE DONOS

Semella que a sociedade de López-Cortón nunca dispuxo do beneplácito dos munícipes betanceiros, pola contra viuse continuamente asediada dende o Concello (impostos arbitrarios sobre o arrastre de carros con madeira para a fábrica, multas polos continuos cortes no suministro provocados pola aínda precaria instalación...). E quizá algunha familia representada no Concello vise a rendabilidade e futuro do negocio e tentase competir.

Dos dous semanarios locais que coexistían á altura de 1900-1901 era *El Progreso*, vencellado ao bando político do Alcalde Sánchez Sanmartín o que máis fincapé facía nas fallas e interrupcións do alumeado. Xa no seu primeiro número denuncia a segunda interrupción na semana (durante a función teatral no Alfonso Setti que obrigou aos actores a continuar actuando á luz das velas) e instiga á comisión de alumeado a poñer as sancións correspondentes. Pese a iso, ou quizais por iso, a fábrica de electricidade e a serrería comezan a anunciarse vistosamente neste semanario e non no seu competidor *El Pueblo*.<sup>12</sup>

O caso é que o enxeñeiro López-Cortón non tería sorte na súa iniciativa eléctrica e industrial betanceira, como ao parecer non a tivo noutras empresas que abordou (tranvías de A Coruña e Vigo, telefonía...). Aínda que o vemos anunciarse no programa de festas de 1900 e no semanario *El Progreso* durante os primeiros meses de 1901, a súa innovadora empresa eléctrica e a serrería pasaría pouco despois á familia Núñez, donos da banca Hijos de A. Núñez, e quizais acreedores directos das débedas de López-Cortón.

Coa aparición de competidores, López-Cortón debeu decatarse da inviabilidade dunha industria aínda balbucinte que precisaba de apoios e non pexas para seguir adiante. O semanario *El Pueblo* facía constar no número do 26 de abril de 1901 que os acaudalados propietarios sres. D. Juan e D. Jesús García Naveira ingresaran como socios da compañía «que para el desarrollo de electricidad destinada a la producción de luz y otras industrias, se ha constituido en nuestra ciudad y pronto principiará a funcionar.» Esta non era outra que a fábrica de luz eléctrica de Núñez y Cía. que, segundo anunciaba o mesmo semanario no número do 27 de xuño de 1901, tiña moi avanzadas as obras, agardándose a inauguración para o San Roque, logo da fixación dos piquetes para o tendido. No mesmo número daba xa a nova:

«A última hora hemos sabido que desde 1º de julio próximo los dueños del salto de Coirós, sres Núñez, García y Comp<sup>a</sup>, se harán cargo de la fábrica de electricidad y serrería mecánica por haber adquirido esta industria del señor Cortón. Está hecha ya la escritura de compromiso y procédese al inventario de todos los efectos de la fábrica de luz eléctrica del Puente Nuevo encargada del alumbrado eléctrico.»

<i>Anos</i>	<i>Producción diaria</i>
1897-98	45 kilowatios hora
1898-99	54,957 kw hora
1899-900	64,421 kw hora
1901	135,193 kw hora
1902	144 kw hora

Segundo declaración da Matrícula de Subsidio Industrial e de Comercio. AMB, c. 1745 e 1746.

11. Sesión supletoria celebrada o 29 de marzo de 1899. Libro de Actas. Ano de 1899. AMB, Carp.36.

12. *El Progreso*, *El Pueblo*, así como os outros periódicos citados nas notas consultámoslos no fondo de prensa do AMB. Sobre a prensa local, cfr. o noso traballo «A prensa betanceira», publicado no *Anuario Brigantino* nº6, 7 e 8, de 1983, 1984 e 1985, respectivamente.



Co salto situado no Mandeo á altura da parroquia de Santiago de Ois, a nova empresa contaba substituír a forza motriz, «pues el antiguo y actual motor, movido á vapor, les resulta demasiado gravoso, debido á los 800 kilos de carbón que diariamente consume.»

O cambio de propietarios fariase oficial semanas despois. Así, na sesión celebrada polo Concello o 26 de agosto de 1901 dase lectura a un escrito presentado por Roque Ponte, en representación de J.L. Cortón y Cia., e polos señores Jesús García, Antonio Núñez Pirote, Raimundo Núñez Codesal, José Núñez Pirote, Ezequiel Núñez e Julio Romay (este en representación de Salvador Núñez Miño) comunicando que a sociedade eléctrica traspasaba aos citados señores o contrato de suministro que tiña co municipio. De feito, na Matrícula Industrial de 1902 xa figura a razón social «Núñez y Cía.» como propietaria. Esta empresa sería durante décadas a fabricante e suministradora de enerxía eléctrica ata a súa venda ou absorción por Fenosa.

### BREVE NOTICIA DO PIONEIRO EMPRESARIO

José López-Cortón Viqueira era membro dunha familia que adquiriu grande relevancia na cultura galega e española. Foi un dos tres fillos de José Pascual López Cortón, indiano oriundo de Cedeira e enriquecido en Porto Rico, quen ao seu regreso a Galiza mercou unha finca nas Mariñas de Betanzos, na parroquia bergondesa de San Fiz de Vixoi, onde a familia alternou estadias con outras na Coruña e Madrid.<sup>13</sup>

Este home pasaría á historia da cultura galega como mecenas dos primeiros xogos florais de Galicia, celebrados na Coruña no 1861, que supuxeron un punto culminante no comezo do noso Rexurdimento cultural e literario, financiando tamén a edición que recopila, entre outros, os traballos premiados baixo o título de *Álbum de la Caridad*.<sup>14</sup>

Aínda que non sabemos exactamente cando e onde naceu (os descendentes consultados descoñéceno), sabemos que a filla maior do matrimonio López Cortón Viqueira naceu no 1863, polo que José tería como máximo uns trinta anos cando comezou a empresa eléctrica de Betanzos.

Como membro da burguesía ilustrada, o carácter emprendedor de José lévao a facer estudos técnicos de enxeñería, realizando parte da súa formación en Inglaterra. Ademais das súas actividades en Betanzos, A Coruña e Vigo, debeu realizar tamén traballos profesionais no norte de Portugal, xa que o xornal de Viana do Castelo, *A Aurora do Lima* no número do 5 de setembro de 1924 reférese a el nun artigo necrolóxico á morte prematura do seu sobriño Johan Vicente, con ocasión de testemuñarlle o pésame:

«Á familia enluctada, e especialmente a seu bondoso tío, o distinto enxeñeiro sr. J. L. Cortón Viqueira, entre nós muito conhecido, considerado e estimado...»

Unha das súas irmás, Carme, casou con Manuel Bartolomé Cossío, un dos fundadores da Institución Libre de Enseñanza, enlace que establecería un longo e fructífero vencello entre a familia, a quinta de San Fiz e a Institución: os veraneos do matrimonio e familia en San Fiz atraían alí a Giner de los Ríos (co-fundador da Institución) e outros persoeiros da cultura española; ademais, unha filla do matrimonio casaría con Alberto Jiménez Fraud,

13. X. Torres Regueiro: «San Fiz de Vixoi e a Casa Cortón», en *A Nosa Terra*, nº 439, Vigo, 5 de xullo do 1990.

14. *Album de la Caridad. Juegos Florales de la Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*. A Coruña, 1862. Existe unha edición facsimile numerada de Ediciones Giner, Madrid, 1989.

director da Residencia de Estudiantes, creación dos institucionalistas; o seu sobriño Johan Vicente Viqueira López-Cortón (1886-1924), fillo da irmá maior Luisa, pedagogo, pensador e teórico do primeiro nacionalismo galego, formaríase tamen na I.L.E.

Precisamente, este último recollía nun seu diario infantil redactado por 1894 e 1895 (como xa quedou apuntado na biografía que lle dediquei<sup>15</sup>) o momento no que o seu tío andaba a construír a fábrica da luz en Betanzos: «Ahora esta Pepe haciendo la fabrica de alumbrado electrico». A este tío Pepe, que debía darlles clases na casa aos nenos da familia (fillos e sobriños) antes de incorporárense ao segundo ensino en Betanzos, interesándoos por cuestións técnicas e científicas, volve a referirse Viqueira no seu diario: «En la leccion de geologia Pepe echo un acido en una caliza y hirvio» (sic). E quizais tamen tivese Viqueira na mente ao seu tío Pepe, cando escribía nun artigo anos despois:

«Sirve a Galicia o que aproveita un salto de auga, o que fai froitificar dobremente un campo; o que crea unha compañía de navegación; o que escribe un poema, pinta un cuadro, abre unha escola, fai ciencia...»<sup>16</sup>

Aproveitando, nun principio, a forza motriz das augas do Mandeo, José López-Cortón Viqueira servía a Galicia e dáballe luz a Betanzos, unha luz diferente á que irradiaba o foco espiritual da súa casa familiar de San Fiz de Vixoi, mais tan necesaria e ao tempo complementaria daquela.

\*\*\*

Unha vez escrito este artigo, a familia de López-Cortón fíxonos chegar algúns documentos e unha "ficha técnica" sobre o seu devanceiro con datos que descoñeciamos e por xulgalo de interese, tanto do punto de vista biográfico como profesional, optamos por reproducila, agradecendo de paso a súa colaboración.

D. José López-Cortón Viqueira -Enxeñeiro- naceu na Coruña no ano 1866 e faleceu en Madrid o 27 de febreiro de 1938. Cursou estudos na Escola de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Madrid. Unha grave enfermidade obrigouno a abandonar España, continuando a súa carreira en Inglaterra unha vez restablecido. Alí foi discípulo de Mr. Thomas Rumball, enxeñeiro consultor en Westminster, sendo admitido como membro asociado na institución de Enxeñeiros Civiles de Londres en xaneiro de 1894.

Despois de varios anos de prácticas e asistencia a diversos cursos de Enxeñería Hidráulica, ferroviaria, etc., realizou visitas de estudos en Bélxica, Suíza e Alemaña, e foi nomeado representante da firma Thomas Rumball and Son para levar os estudos técnicos dos seguintes traballos:

-Estudio, liquidación e comprobación do tráfico no ferrocarril de Villena a Alcoy. Traballo encargado pola firma de Londres Mrs. Bollin and Lowe.

-Memoria e estudio das modificacións do ferrocarril de Cullera-Alcira e Carcaxente, encargo de D. Luis Moscardó de Valencia.

-Liquidación e traballos diversos do ferrocarril de Lourenço Marques a Transvaal.

-Ampliación da fábrica do gas e electricidade de Pará.

-Construcción do ferrocarril de Cheadle en North Staforsshire, Inglaterra.

Logo da morte de D. Thomas Rumball volveu a España, onde levou a cabo os seguintes traballos e proxectos: Alumado eléctrico de Betanzos; Cooperativa eléctrica da Coruña; Tranvías da Coruña; estudio do tranvía do Burgo a Sada; construcción do tranvía de Vigo a Mondariz; encargo do proxecto dos tranvías eléctricos de Córdoba.

En Portugal foi encargado de realizar os Saltos do Lindoso sobre o río Limia, sendo o seu enxeñeiro durante cinco anos ata que esta empresa foi traspasada á Hidroeléctrica Española. Ademais dos citados, realizou outros moitos traballos de enxeñería en España.

15. X. Torres Regueiro: *Xoán Vicente Viqueira e o nacionalismo galego*. Edicións do Castro, Sada, 1987.

16. In «Diálogo trascendental», artigo publicado orixinarimente en *A Nosa Terra*, número correspondente ao 31 de maio de 1922, e recollido en *Ensaio e poesías*, Editorial Galaxia, Vigo, 1974.